REUNIÓN DA COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 01.12.2016 Hora: 16:00

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 1 de decembro de 2016, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elección de Presidente ou Presidenta

Punto 2. Preguntas orais en Comisión

2.1 514 (10/POC-000028)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización do Museo da Romanización comprometido no Cuartel de San Fernando de Lugo e, se é o caso, a súa planificación e cronograma para a execución das obras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 8, do 07.11.2016

2.2 751 (10/POC-000062)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 5 máis
Sobre o contido do anunciado mapa de empregabilidade do Sistema universitario de Galicia. (Procedemento de urxencia)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 10.11.2016

Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión

3.1 394 (10/PNC-000011)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto 310/2016, do 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016

3.2 749 (10/PNC-000060)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para fomentar o uso da lingua galega entre a mocidade. (Procedemento de urxencia)
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 10, do 09.11.2016

3.3 947 (10/PNC-000084)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre a posta en marcha pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das medidas necesarias para dotar dun ximnasio cuberto o Colexio Público Integrado Camiño de Santiago, do concello do Pino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016

3.4 1113 (10/PNC-000102)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política lingüística

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2016

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo	P

Secretaria

Luca Chao Pérez	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Moisés Blanco Paradelo	P
María de la Concepción Burgo López	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Teresa Egerique Mosquera	P
César Manuel Fernández Gil	P
Martín Fernández Prado	P
Antonio Mouriño Villar	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Román Rodríguez González	P

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 01.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

1. Elección de Presidente ou Presidenta

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 01.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 01.12.2016 Hora: 16:00
Orde do día

2.1 514(10/POC-000028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización do Museo da Romanización comprometido no Cuartel de San Fernando de Lugo e, se é o caso, a súa planificación e cronograma para a execución das obras

Publicación da iniciativa, 8, 07.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2016 12:06
Nº Rexistro: 514
Data envio: 28/10/2016 12:06:55.102

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O presidente Feijoo comprometeuse en múltiples ocasións a realizar o Museo da Romanización de Galicia en Lugo, utilizando o cuartel de San Fernando, un edificio declarado BIC en 2009. Para poñer en marcha este proxecto, en 2010 a Consellería de Cultura adxudicou un concurso de ideas para rehabilitar o citado cuartel.

Pero non fixo nada mais. De forma unilateral, a Xunta de Galicia decidiu abandonar a posta en marcha deste Museo que o PP leva prometendo dende a época do presidente Fraga. A pesar diso, tanto o presidente Feijoo como os sucesivos conselleiros de cultura, seguiron afirmando que o proxecto sería levado a cabo mais adiante e resaltado a súa importancia, non soamente para Lugo senón para Galicia. Pero nunca dixeron cando o farían, mentres o edificio atopase nun estado deplorable que mesmo pon en risco a súa supervivencia.

Entendemos que un Goberno responsable e eficiente ten que ter unhas previsións mínimas para levar adiante os proxectos que promete facer porque ten claro cales son as condicións necesarias para facelo, cales van a ser os tempos e os pasos a dar para podelos poñer en marcha.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Vai a levar a cabo a Xunta de Galicia nalgún momento a realización do Museo da Romanización prometido no cuartel de San Fernando de Lugo?

2.ª) Mantén o actual conselleiro de Cultura o compromiso de levar a cabo o dito Museo?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2016 12:06
Nº Rexistro: 514
Data envio: 28/10/2016 12:06:55.102

3.ª) Si é así, entendemos que o Goberno debe ter un plannnig e un cronograma para levar a cabo este proxecto, ¿ os ten?

4.ª) Segundo ese cronograma cando ten previsto comezar as obras para construír o Museo da Romanización?

5.ª) Cales son as previsións da Consellería de Cultura sobre as distintas fases da realización de dito Museo?

6.ª) Cando considera o conselleiro de Cultura que será rematado o dito Museo?

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2016

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/10/2016 12:04:02

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 28/10/2016 12:04:09

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 01.12.2016 Hora: 16:00
Orde do día

2.2 751(10/POC-000062)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 5 máis

Sobre o contido do anunciado mapa de empregabilidade do Sistema universitario de Galicia. (Procedemento de urxencia)

Publicación da iniciativa, 11, 10.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 18:20
Nº Rexistro: 751
Data envio: 04/11/2016 18:20:09.133

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Marisol Díaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado e **Carlos López Crespo,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión** polo trámite de **urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada, para que o Goberno galego explique en Sede Parlamentaria, en que consiste o mapa de empregabilidade do Sistema Universitario de Galicia.

As universidades galegas son institucións relevantes no desenvolvemento económico e social de Galicia, xa que teñen encomendada unha tripla misión de ensinar, investigar, e transferir e intercambiar coñecemento co resto da sociedade.

Cada curso, as institucións que integran o Sistema Universitario de Galicia (SUG) están a formar a novas xeracións de galegos e galegas que aspiran a adquirir coñecementos, habilidades e destrezas que lles permitan estar preparados para afrontar os retos persoais e laborais dun mundo cada vez máis global e complexo.

Recentemente, puidemos coñecer os datos dun novo estudo sobre inserción laboral dos titulados universitarios en Galicia, un traballo elaborado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Neste contexto, coñecemos o interese e a vontade da Xunta de Galicia por impulsar a realización do que se ten denominado como “mapa de empregabilidade do SUG”.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular está interesado en coñecer máis datos sobre esta posible iniciativa e, con tal motivo, formula a seguinte pregunta oral en Comisión:

En qué consiste o anunciado mapa de empregabilidade do SUG?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 18:20
Nº Rexistro: 751
Data envio: 04/11/2016 18:20:09.133

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 04/11/2016 18:05:03

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 18:05:12

María Sol Díaz Mouteiro na data 04/11/2016 18:05:22

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 18:05:35

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 18:05:49

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:06:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 01.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

3. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 01.12.2016 Hora: 16:00
Orde do día

3.1 394(10/PNC-000011)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto 310/2016, do 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato

Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 394
Data envio: 21/10/2016 14:10:01.534

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro, **Luís Villares Naveira,** e por iniciativa das súas deputadas e deputados **Luca Chao Pérez**, **Manuel Lago Peñas**, **Eva Solla Fernández**, **Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín e Juan José Merlo Lorenzo** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión** referida ás probas de reválida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte aprobou recentemente o Real Decreto 310/2016, do 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato. Estas novas probas coñecidas como reválidas, poden facer que miles de estudantes na nosa comunidade non obteñan unha titulación a pesar de ter superado todas as avaliacións realizadas polo seu profesorado ao longo da súa vida académica, deixando ditos estudios sen validez e supeditándoos por completo á resolución dun tribunal externo.

Dende o Grupo Parlamentario En Marea consideramos que este proceder é contraditorio coa determinación que a propia lei establece sobre a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria, definida no seu artigo 28.1 como continua, formativa e integradora, e supón unha falta de consideración e confianza no profesorado e nos centros educativos inaceptable, máxime cando a LOMCE di pretender

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 394
Data envio: 21/10/2016 14:10:01.534

ampliar a autonomía dos centros, que, sen embargo, perden a capacidade de titular ao seu propio alumnado.

A isto súmase que, con ditas probas, o alumnado que tivese superado a ESO pero non as mencionadas avaliacións finais, non poderá decantarse nin por Bacharelato nin por un Grado Medio de Formación Profesional, senón que se verá abocado irremediablemente a cursar FP Básica, salvo que xa tivera cumprido os 17 años, caso no que se queda excluído do sistema educativo sen ningún tipo de titulación que lle permita un futuro laboral.

Por todo o anteriormente exposto, e mentres non se acade a derrogación da LOMCE e non se aprobe unha nova lei consensuada coa comunidade educativa e no marco do Consello Escolar de Galicia, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte:

PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España que adopte as medidas necesarias para retirar o Real Decreto 310/2016, do 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 394
Data envio: 21/10/2016 14:10:01.534

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luca Chao Pérez na data 21/10/2016 14:06:59

Paula Vázquez Verao na data 21/10/2016 14:07:07

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/10/2016 14:07:10

Juan José Merlo Lorenzo na data 21/10/2016 14:07:15

Carmen Santos Queiruga na data 21/10/2016 14:07:18

Antón Sánchez García na data 21/10/2016 14:07:21

Eva Solla Fernández na data 21/10/2016 14:07:24

Paula Quinteiro Araújo na data 21/10/2016 14:07:27

Luis Villares Naveira na data 21/10/2016 14:07:30

Magdalena Barahona Martín na data 21/10/2016 14:07:34

José Manuel Lago Peñas na data 21/10/2016 14:07:37

Francisco Casal Vidal na data 21/10/2016 14:07:40

David Rodríguez Estévez na data 21/10/2016 14:07:43

Marcos Cal Ogando na data 21/10/2016 14:07:47

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 01.12.2016 Hora: 16:00
Orde do día

3.2 749(10/PNC-000060)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para fomentar o uso da lingua galega entre a mocidade. (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa carácter urxencia, 10, 09.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 18:19
Nº Rexistro: 749
Data envio: 04/11/2016 18:19:42.242

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Marisol Díaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado** e **Carlos López Crespo,** ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión,** polo trámite de **urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada, pola importancia de fomentar o uso da lingua galega entre a mocidade.

Exposición de motivos

A lingua propia de Galicia ten un alto valor identitario e simbólico, máis tamén constitúe un soporte imprescindible para o progreso da nosa comunidade e do conxunto da cidadanía.
Conscientes disto, o Partido Popular de Galicia afronta o inicio da X Lexislatura na Cámara galega coa firme vontade de impulsar un renovado compromiso político a prol do galego.

A política lingüística da Xunta de Galicia debe seguir afondando na idea de que a lingua galega é útil en calquera ámbito e para todas as funcións. Hai que seguir traballando, sen confrontacións innecesarias, para tratar de crear actitudes positivas cara á lingua propia e renovar o compromiso da ampliación dos usos do galego na sociedade que guiará o traballo de dinamización da lingua propia ao longo da nova lexislatura.

Cremos que temos que involucrar ao conxunto da sociedade, pero tamén dunha forma especial ás xeracións máis novas porque elas son as garantes do futuro da nosa lingua.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a buscar a implicación do conxunto da sociedade e de diferentes axentes no fomento do uso da lingua galega entre a mocidade, para o que se iniciará un proceso de deseño e planificación de políticas de

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 18:19
Nº Rexistro: 749
Data envio: 04/11/2016 18:19:42.242

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

dinamización lingüística".

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/11/2016 18:00:32

César Manuel Fernández Gil na data 04/11/2016 18:00:44

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 18:00:48

María Sol Díaz Mouteiro na data 04/11/2016 18:00:57

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 18:01:06

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 18:01:17

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:01:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 01.12.2016 Hora: 16:00
Orde do día

3.3 947(10/PNC-000084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis

Sobre a posta en marcha pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das medidas necesarias para dotar dun ximnasio cuberto o Colexio Público Integrado Camiño de Santiago, do concello do Pino

Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2016 13:46
Nº Rexistro: 947
Data envio: 09/11/2016 13:46:03.377

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Xoaquín Fernández Leiceaga (deputado-portavoz), Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O CPI Camiño de Santiago do concello do Pino non conta con ximnasio propio. Esta instalación foi eliminada coa implantación da ESO, provocando unha serie de reformas no centro de ensino.

Actualmente, os alumnos e as alumnas realizan a súa actividade física no ximnasio municipal, que linda coa parcela do complexo educativo. Xa houbo solicitudes para a cesión do ximnasio municipal ao CPI, que non contaron co visto bo do grupo do goberno do PP no Concello do Pino. A escasos 400 metros existe outro ximnasio realizado na última década.

Dentro do recinto, existe un patio cuberto, o cal, tras unhas pequenas reformas como construcións de aseos, pequeno almacén, illamento térmico en tellado e paredes, dotación de chan acorde coa futura instalación e instalacións pertinentes podería converterse, sen problema, no ximnasio demandado. Sendo esta unha vella demanda da anterior ANPA e comunidade educativa.

O Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro establece os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, primaria e secundaria. O artigo 3.3 di:

> "Los centros docentes que impartan la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y/o el bachillerato deberán contar, además con:
>
> - Un patio de recreo, parcialmente cubierto, susceptible de ser utilizado como pista polideportiva, con una superficie adecuada al número de puestos escolares. En ningún caso será inferior 900 metros cuadrados.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2016 13:46
Nº Rexistro: 947
Data envio: 09/11/2016 13:46:03.377

- Biblioteca, con una superficie, como mínimo, de 45 metros cuadrados en los centros que impartan la educación primaria, y 75 metros cuadrados en los centros que impartan la educación secundaria obligatoria o el bachillerato.

- Un gimnasio con una superficie adecuada al número de puestos escolares.

Todos los espacios en los que se desarrollen acciones docentes, así como la biblioteca, contarán con acceso a las tecnologías de la información y la comunicación en cantidad y calidad adecuadas al número de puestos escolares, garantizando la accesibilidad a los entornos digitales del alumnado con capacidades diferentes".

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que a través da Consellería de Educación poña en marcha as medidas oportunas para que, ben a través da cesión do Polideportivo municipal anexo ou ben a través da transformación do patio cuberto, dote ao CPI Camiño de Santiago do concello do Pino dun ximnasio cuberto.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/11/2016 13:35:59

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 09/11/2016 13:38:36

Maria de la Concepción Burgo López na data 09/11/2016 13:38:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 01.12.2016 Hora: 16:00
Orde do día

3.4 1113(10/PNC-000102)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política lingüística

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 13:25
Nº Rexistro: 1113
Data envio: 14/11/2016 13:25:26.653

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** e a través do seu portavoz **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4.ª**, referida á perda de falantes en **lingua galega**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste 2016 conmemoramos cen anos da creación das Irmandades da Fala, cen anos de reivindicación pola normalización para a lingua galega, cen anos de defensa do idioma do noso país.

Lamentablemente a conmemoración non pode ir acompañada dunha celebración sobre a boa saúde do noso idioma. Todo o contrario, nos últimos anos, o goberno do Partido Popular, que ten a obriga legal de promover e defender a lingua galega, foi o principal culpable do retroceso do noso idioma. Non só non cumpriu os compromisos previos, como o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, senón que levou a cabo unha serie de actuacións que van claramente en contra do idioma do país. O Decreto do plurilingüismo, a reducida presenza na xustiza, na administración e nos servizos públicos; a desaparición das aulas de Educación infantil en lingua galega; o veto ó seu uso nas aulas en materias da área científico-técnica ou o obxectivo de redución a 1/3 a súa presenza no ensino; son só algúns dos exemplos das mesmas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 13:25
Nº Rexistro: 1113
Data envio: 14/11/2016 13:25:26.653

Todo isto acompañado dunha redución constante do orzamento en materia lingüística. Se en 2009, cando o Partido Popular chegou ó poder, había un orzamento de 21,5 millóns de euros, esta partida foi reducida a 15,5 millóns en 2010 e 5.724.478 euros en 2013. O que supón unha redución de máis do 73% do orzamento (ningún outro departamento da Xunta sufriu un recorte semellante), que o sitúa en mínimos históricos.

Afogamento orzamentario e actuacións políticas hostís que deixan un efecto claro sobre o número de falantes do noso idioma: as persoas que falan en galego habitualmente, son cada vez menos e máis vellas.

Gráfico 1. Idioma habitual en Galicia



Fonte: IGE.eu

Como se pode ver na gráfica precedente, nunha década perdemos algo máis dun 12% de falantes en lingua galega. O que en números absolutos se traduciu en pasar de 1.112.670 persoas que falaban sempre en galego en 2003, a 789.157 en 2013.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 13:25
Nº Rexistro: 1113
Data envio: 14/11/2016 13:25:26.653

Se nos centramos nos falantes máis novos, únicos garantes da supervivencia do idioma, a situación aínda é máis alarmante, a última década déixamos un 14% menos de nenos e nenas que falan normalmente en galego. Os nenos e nenas de 5 a 14 anos que falan só ou predominantemente en galego pasaron de ser o 40,3% en 2003 a ser o 25,11 en 2013.

Gráfico 2. Idioma habitual en Galicia entre a poboación de 5 a 14 anos



Fonte: IGE.eu

É dicir, os últimos datos achegados polo IGE, alertan da moi negativa situación da lingua galega e a rápida substitución polo castelán, sobre todo nos ámbitos urbanos e entre a mocidade e a infancia. É máis: crece o número de rapaces e rapazas que afirman non saber falar apenas en galego, en 2013 eran xa o 22,7%.

Esta situación, como xa se ten denunciado mesmo dende o Consello de Europa, evidencia os incumprimentos graves na aplicación efectiva da Carta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 13:25
Nº Rexistro: 1113
Data envio: 14/11/2016 13:25:26.653

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias e a Convención para a Protección das Minorías Nacionais e a protección necesaria para os falantes de linguas minorizadas.

Dende En Marea pensamos que é urxente darlle a volta a esta situación para o que requirimos o compromiso dos poderes públicos na defensa do idioma, promovendo políticas activas que sitúen o galego en todos os espazos da vida cotiá onde está excluída para garantir o dereito e a liberdade de vivirmos sempre no noso idioma.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI** para o seu debate na Comisión 4.ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Replantexar a súa política lingüística de xeito que se volva ó consenso do Plan de Normalización do 2004.
2. Recuperar o orzamento en materia lingüística que tiñamos en 2009.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 14/11/2016 13:24:33

Luca Chao Pérez na data 14/11/2016 13:24:40

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/11/2016 13:24:47